

O Concello de Pontecesures convoca o **I CONCURSO DE FILLOAS DE ENTROIDO** que se celebrará o sábado de Piñata, día 29 de febreiro, ás 17.00h na Praza de Abastos.

O concurso obxecto desta convocatoria rexerese polas seguintes **BASES**:

**PRIMEIRA.-** Poderán participar todas as persoas, asociacións ou colectivos que o desexen.

Cada equipo estará formado por dúas persoas.

O número máximo de grupos participantes será de 10 e accederán ao concurso por orde de inscrición.

**SEGUNDA.-** Lugar, contido e prazo de inscrición.

1.- A inscrición deberá facerse na Casa do Concello onde se facilitará o modelo de inscrición (Anexo I), que tamén poderá ser descargado na páxina web do concello [www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org)

2.- Xunto coa instancia de inscrición deberá achegarse obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI do representante do equipo.
- No caso de asociacións e colectivos, declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).

3.- O prazo de presentación da documentación rematará o mércores 26 de febreiro ás 14:00h.

**TERCEIRA.-** Todo o proceso de elaboración da masa terá que realizarse no recinto do concurso nun tempo máximo de 1 hora.

**CUARTA.-** O equipo deberá levar o seu propio material para a elaboración das filloas exceptuando o fogón.

**QUINTA.-** A contía dos premios e participacións farase en vales de compra para cambiar nos establecementos comerciais do Concello.

Establécense os seguintes premios, ata un límite máximo de consignación orzamentaria de 320€.

As filloas máis saborosas recibirán un premio de:

1. 100€ para o primeiro clasificado.
2. 50€ para o segundo clasificado.



3. 30€ para o terceiro clasificado.
2. O resto de participantes/equipos que non obteñan premio recibirán unha gratificación de 20€ por participar.

**SEXTA.-** O xurado estará composto por profesionais relacionados co ámbito obxecto do concurso.

Do actuado polo xurado levantarase a correspondente acta.

O fallo do xurado será inapelable e este poderá resolver calquera cuestión non recollida nas presentes bases.

**SÉTIMA.-** Entrega de premios.

- 1.- A entrega dos vales de compra, realizarase tras a decisión do xurado.
- 2.- Para poder trocar os vales dos premios e participacións, os gañadores deberán presentar a documentación seguinte no rexistro xeral do Concello en horario de atención ao público antes do 31 de maio do presente ano:

1.- Solicitud de pagamento debidamente cumprimentada e asinada polo beneficiario do premio .

2.- Copia do DNI do beneficiario do premio.

3.- Copia do vale obxecto da solicitude.

4.- Documento xustificativo do gasto (factura ou factura simplificada)

5.- Certificado de conta bancaria da persoa á que se cede o crédito.

**OITAVA.-** Calquera dúbida ou baleiro que puidese xurdir da interpretación e aplicación das presentes bases, será resolto no seu momento polo xurado e a súa decisión será inapelable.

A presentación a este concurso implica necesariamente a aceptación de todos e cada un dos puntos das presentes Bases.

En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, Don Juan Manuel Vidal Seage.

*(Documento asinado dixitalmente á marxe)*

